

- **O enfoque da aprendizaxe cooperativa.**



Proposto por Johnson e Johnson, considera que a mellor maneira de crear contextos de cooperación é utilizando a aprendizaxe cooperativa da aula. Xa a principios dos anos sesenta propuseron o programa denominado Teaching Students to Be Peacemakers Program (Programa de entrenamento dirixido aos estudantes para ser promotores de Paz), que tiña como obxectivo ensinar técnicas de resolución de conflitos. Este enfoque considera que para alcanzar esa cultura de paz é necesario ensinala a todo o alumnado e realizar prácticas frecuentes. Isto supón que o profesorado integre estas prácticas nas súas clases diarias.